

Prezada conselleira

En Pontevedra, por medio da colaboración das administracións que representamos, Xunta de Galiza e Concello de Pontevedra, temos a oportunidade de desenvolver un modelo de transporte colectivo de viaxeiros e viaxeiras que responda ás necesidades das galegas e dos galegos do século XXI e que aproveite todas as experiencias e coñecementos acumulados até o de agora.

É coñecida a necesidade da Xunta de Galiza de completar o proceso administrativo para pór en marcha o transporte metropolitano da súa competencia e o interese manifestado polo Concello de Pontevedra para aproveitar esta oportunidade na mellora do transporte urbano. Asemade é coñecido o interese deste Concello para botar a andar un transporte á demanda que cubra as necesidades, principalmente, da poboación das parroquias.

Dada esta situación de partida, na xuntanza mantida entre o alcalde e o presidente na pasada semana este asunto tivo un papel protagonista. Así que agora é preciso que nos poñamos mans á obra sen perder tempo e por iso diríxome a ti para concertar unha primeira xuntanza de técnicos ou técnicas de ambas as dúas administracións.

Agardo, polo tanto, que se poidan casar as axendas malia atopármonos en período estival.

Á espera de novas túas, recibe un afectuoso saúdo

Demetrio Gómez Xunqueira

Concelleiro de Transportes do Concello de Pontevedra